



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fundamentos de administración de empresas

Materia	Fundamentos de administración de empresas			
Código	V08G081V01605			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Diz Comesaña, María Eva			
Profesorado	Diz Comesaña, María Eva			
Correo-e	evadiz@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia está deseñada para que os estudantes do Grao en Dereito obteñan competencias básicas sobre dirección e xestión empresarial. Preséntase á empresa como un axente económico fundamental, estudando os aspectos básicos da súa xestión e a problemática asociada ao seu goberno. A continuación identifícanse as principais áreas funcionais da empresa, profundizando en aspectos específicos da súa xestión e nas problemáticas económicas que se formulan. Faise fincapé tanto nos coñecementos como nas habilidades requiridas na xestión empresarial.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C11	CE13 - Coñecer os principios de funcionamento que rexen nunha economía de mercado, comprender o comportamento dos distintos axentes económicos e coñecer os principais problemas económicos
C12	CE14 - Ser capaz de utilizar os principios e conceptos económicos como ferramenta para argumentar economicamente, identificar os problemas económicos e abordar a súa solución a través das políticas adecuadas a cada situación
C47	CE55 - Comprender os Estados Financeiros obrigatorios das empresas
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Ser capaz de identificar problemas económicos que se presentan nas empresas e saber utilizar os principais instrumentos para a súa resolución.	A2	C11
	A3	C12
	A4	
	A5	
Capacidade de interpretar e analizar críticamente información económica da empresa.	C12 C47	D3

Coñecer os aspectos internos, funcións e interrelacións existentes nas organizacións.	A2 A3 A4 A5	C11 C12	
Coñecer os procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial.		C11 C12 C47	D1 D3

Contidos

Tema	
TEMA 1. A EMPRESA NO SISTEMA ECONÓMICO	1.1. Concepto de empresa. 1.2. A empresa como realidade económica. 1.3. Clases de empresas. 1.4. Os subsistemas empresariais. 1.5. Enfoques sobre o empresario.
TEMA 2. A ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS: DIRECCIÓN ESTRATÉXICA	2.1. Concepto de estratexia. 2.2. Os obxectivos da empresa. 2.3. Análise do entorno. 2.4. Análise interno da empresa. 2.5. Estratexias competitivas. 2.6. Crecemento e desenvolvemento empresarial.
TEMA 3. A TOMA DE DECISIÓNS NA EMPRESA	3.1. O proceso de toma de decisións. 3.2. Tipos de decisións. 3.3. Situacións de certeza, risco e incerteza. 3.4. Ferramentas para a toma de decisións.
TEMA 4. A FUNCIÓN DE PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA	4.1. O sistema produtivo. 4.2. A dirección de operacións. 4.3. Obxectivos de produción. 4.4. Tipos de procesos produtivos. 4.5. Lean Manufacturing. 4.6. Compoñentes do sistema loxístico. 4.7. Análise dos custos de produción. 4.8. Eficiencia e produtividade.
TEMA 5. A FUNCIÓN DE RECURSOS HUMANOS	5.1. Concepto, fundamentos e proceso de dirección e xestión de RRHH. 5.2. Liderado, cultura e poder nas organizacións. 5.3. Parámetros de diseño organizativo: formalización, especialización e coordinación. 5.4. O organigrama. 5.5. Motivación.
TEMA 6. A FUNCIÓN FINANCEIRA	6.1. A xestión financeira. 6.2. Rendibilidade económica e rendibilidade financeira. 6.3. Análise mediante ratios. 6.4. Incidencia dos custos sobre a rendibilidade. 6.5. Decisións de inversión. 6.6. Decisións de financiamento.
TEMA 7. A FUNCIÓN DE MERCADOTECNIA E COMERCIALIZACIÓN	7.1. Diferentes enfoques sobre a función de mercadotecnia. 7.2. Investigación de mercados. 7.3. Comportamento de compra en mercados industriais e en mercados de consumo. 7.4. Segmentación de mercados e posicionamento do produto. 7.5. Decisións de mercadotecnia (as 4P's).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	30	60
Resolución de problemas	14	66	80
Estudo de casos	1	4	5
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Resolución e presentación de exercicios/cuestións/traballos por parte do alumno, de forma individual ou en grupo, baixo a proposta, guía e supervisión do profesor.
Estudo de casos	Formulación, análise, resolución e debate de casos e situacións relacionadas coa materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O docente realizará un seguimento de cada grupo, dando un retorno que permita mellorar o desempeño.
Resolución de problemas	Supervisión e resolución de dúbidas que lle puideran xurdir aos estudantes ao longo do proceso de adquisición das competencias da materia.
Estudo de casos	Supervisión e resolución de dúbidas que lle puideran xurdir aos estudantes ao longo do proceso de adquisición das competencias da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas de seguimento sobre os contidos da materia. A cualificación obtida en cada proba de seguimento suporá un 25 % da nota final. En ningún caso a superación destas probas de seguimento liberará de materia de cara á realización do exame final. As datas de celebración de cada proba de seguimento serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	50	A2 A3 A4 A5	C11 C12 C47	D1 D3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos e prácticos da materia serán avaliados nunha proba/exame final. Trátase dunha proba escrita sobre os distintos epígrafes do programa, así como dos diferentes tipos de problemas e casos prácticos estudados. A cualificación obtida nesta proba suporá o 40 % da nota final.	40	A2 A3 A4 A5	C11 C12 C47	D1 D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, e, en xeral, calquera actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas de seguimento e das probas finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 10 %.	10	A2 A3 A4 A5	C11 C12 C47	D1 D3
	A cualificación obtida na participación en clase e nas probas de seguimento conservarse para a convocatoria de 2ª oportunidade.				

Outros comentarios sobre a Avaliación

A Avaliación do estudante realizarase doseguinte xeito:

- Exame final (0 a 4 puntos). Realizaraseun único exame ao final do cuatrimestre que terá lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/>). O exame final constará dunha parte teórica e unha parte práctica. Para superar o exame será necesario obter unha nota igual ou superior ao 50 % da puntuación total e, como mínimo, o 30 % da nota asignada en cada unha das partes teórica e práctica.

- Avaliación baseada nos traballos realizados, tanto en grupo como de xeito individual, na participación en clase e nas probas de seguimento (0 a 6 puntos). A cualificación obtida en cada proba de seguimento suporá un 25 % da nota final. A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, e, en xeral, calquera actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas de seguimento e das probas finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 10 %.

A nota final da materia expresarase nunha escala de 0 a 10 puntos e resultará da suma da nota acadada no exame y das notas acadadas nos traballos, participacións nas clases e probas de seguimento realizadas. Para superar a materia é necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

Nos primeiros 15 días do cuatrimestre habilitarase un único prazo para que o alumno ou a alumna que así o desexe poida renunciar á avaliación continua e solicitar que o seu exame final se valore entre 0 e 10 puntos. Para estes alumnos o exame final incluírá unha terceira parte (0 a 6 puntos) que substituirá ós traballos, á participación na clase e ás probas de seguimento da avaliación continua.

Se o alumno ou a alumna houbese renunciado á avaliación continua, a nota final da materia coincidirá coa nota acadada no exame final.

A segunda convocatoria rexeráse polas mesmas normas. O exame da convocatoria de segunda oportunidade terá lugar na data, hora e lugar establecido polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/>).

Na convocatoria fin de carreira o exame suporá o 100 % da nota final da materia.

BOAS PRÁCTICAS:

- Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tabletas ou similares nas sesións de traballo. Estes dispositivos deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesor/a.
- É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento.
- Calquera evidencia de probas plaxiadas ou copiadas, total ou parcialmente, suporá unha calificación de suspenso en tódalas convocatorias do curso académico.
- Para a realización das probas só se permite o uso de elementos de escritura e calculadora.
- O estudante deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co seu D.N.I., pasaporte ou licenza de conducir, non sendo válido outro documento.
- Tódalas probas deberán ser entregadas á súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacadas fora da aula.
- A revisión de exames terá lugar no horario e lugar establecido polo profesor/a.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fuentes Fuentes, M.M.; Cordon Pozo, E., **Fundamentos de Dirección y Administración de Empresas**, ISBN: 9788436833997, 3ª Edición, Pirámide, 2020

González Domínguez, F.J. y Ganaza Vargas, J.D., **Fundamentos de Economía de la Empresa**, ISBN: 9788436838091, 2ª Edición, Pirámide, 2017

Montoro Sánchez, M.A.; Díez Vial, I. y Martín de Castro, G., **Fundamentos de Administración de Empresas**, ISBN: 9788491979876, 4ª Edición, Civitas, 2019

Robbins, S.P.; DeCenzo, D.A. y Coulter, M., **Fundamentos de la Administración: conceptos esenciales y aplicaciones**, ISBN: 9786073239622, 10ª Edición, Pearson-Prentice Hall, 2017

Bibliografía Complementaria

Barroso Castro, C., **Economía de la Empresa**, Pirámide, 2012

Bueno Campos, E., **Curso básico de Economía de la Empresa**, Pirámide, 2011

Bueno Campos, E., **Introducción a la Organización de Empresas**, Centro de Estudios Financieros, 2014

Gareth R.J.; George J.M., **Administración Contemporánea**, 8ª Edición, McGrawHill, 2020

Guerras Martín, L.A. y Navas López, J.E., **Casos de Dirección Estratégica de la Empresa**, Thompson-Civitas, 2014

Hernández Ortiz, M.J., **Administración de Empresas**, ISBN: 9788436843439, 3ª Edición, Pirámide, 2020

Iborra Juan, M.; Dasi Coscollar, A.; Dolz Dolz, C. y Ferrer Ortega, C., **Fundamentos de dirección de empresas.**

Conceptos y habilidades directivas, Paraninfo, 2014

Koontz H.; Weihrich H. y Cannice, M.V., **Administración: una perspectiva global, empresarial y de innovación**, 15ª Edición, McGrawHill, 2017

Navas López, J.E.; Guerras Martín, L.A., **Fundamentos de dirección estratégica de la empresa**, Thompson-Civitas, 2016

Pérez Gorostegui, E., **Fundamentos de Economía de la Empresa**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2014

Pérez Gorostegui, E., **Prácticas de Fundamentos de Economía de la Empresa**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Os/as estudantes deberán manter actualizados os seus datos de contacto en MOOVI. Ademais, é necesario subir alí unha foto tipo carné para evitar a entrega de fichas en formato papel.

(*)Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co estudantado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso promovidos pola dinámica da clase, e do grupo

de destinatarios/as real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, aportarase ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
